

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións, A e B. Só se poderá contestar a unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN A

1. Responde ás seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Explica que é a chaira de inundación dun río, e que son os meandros e como evolucionan.
- 1.2. Indica os principais compoñentes do solo, e explica as propiedades de textura e estrutura do solo.
- 1.3. Explica os principais procesos e formas de erosión e sedimentación eólica.

2. En relación co seguinte esquema, explica (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Que representan as bandas a ambos os lados da dorsal e como se explica a súa formación.
- 2.2. Que proceso xeolóxico se mostra na figura (secuencia a, b, c) e como o seu coñecemento contribuíu a sustentar a teoría da tectónica de placas.
- 2.3. Con que bordo de placa está relacionado este fenómeno e que outros procesos xeolóxicos ocorren neste tipo de bordo.



3. Emparella (na folia de exame) cada período xeolóxico coa era correspondente (un número pode corresponder a máis de unha letra) (1 punto).

- A) Xurásico. B) Ordovícico. C) Mioceno. D) Pérmico. E) Triásico. F) Holoceno. G) Cámbrico. H) Plioceno. I) Cretáceo. J) Carbonífero.
- 1) Paleozoico. 2) Mesozoico. 3) Cenozoico.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Meteorización – Morena (ou morea)- Rocha sedimentaria detrítica - Gabro

5. Forma cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase (1 punto, 0,2 ptos./frase).

| | | |
|--------------|-----------------------|------------|
| anatexia | organóxena | diáxénese |
| calcaria | metamorfismo | carbonatos |
| lutita | precipitación química | lousa |
| compactación | cementación | carbón |
| lignito | fusión | migmatita |

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións, A e B. Só se poderá contestar a unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN B

1. Responde ás seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Establece as diferenzas entre meteorización física e química, e describe para cada unha un exemplo concreto.
- 1.2. Define a diaxénese e os procesos dos que consta.
- 1.3. Indica que axente xeolóxico orixina as seguintes formas de modelado:
a. reg b. morena (ou morea) c. abano aluvial d. sima e. plataforma de abrasión.

2. Observa a figura inferior e responde ás seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Indica os tipos de contactos entre 3 e 5, 1 e 3, 1 e 2; sinala o tipo de falla, razoando a resposta.
- 2.2. Nomea e ordena cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os acontecementos xeolóxicos.
- 2.3. Identifica os tipos de metamorfismo que aparecen no corte, di a que materiais afectan e explica a súa orixe.



1- Granito. 2-Lousas. 3- Conglomerados, areas e limos fluviais.
4- Auréola metamórfica. 5- Margas e calcarias.

3. Emparella (na folia de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (1 punto)

- 1) Hematita. 2) Galena. 3) Blenda (Esfalerita). 4) Cinabrio. 5) Calcopirita. 6) Bauxita. 7) Fluorita. 8) Silvina. 9) Casiterita. 10) Magnesita.

A) Magnesio. B) Estaño. C) Zinc. D) Ferro. E) Cobre. F) Flúor. G) Aluminio. H) Potasio. I) Chumbo. J) Mercurio.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Arco insular – Subducción – Litosfera – Panxea.

5. Forma cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase (1 punto, 0,2 pts./frase).

| | | |
|------------|--------------|------------|
| peridotita | guía | Paleozoica |
| Cretáceo | sedimentaria | Mesozoica |
| gneis | metamórfica | sílice |
| Trilobites | plutónica | foliación |
| brecha | período | angulosos |